


Recoñecemento de rochas metamórficas e magmáticas



Nome:

1. Introducción:

As rochas **magnáticas** fórmanse polo arrefriamento dun magma. Se este proceso sucede de xeito lento, no interior da Terra, os minerais teñen tempo a cristalizar e fórmanse rochas nas que se forman cristais grandes, son as rochas plutónicas. Porén, se o arrefriamento sucede rapidamente na superficie, as rochas que se forman non presentan cristais ou son de pequeno tamaño.

As rochas **metamórficas** fórmanse cando unha rocha vese sometida a condicións diferentes das da súa formación. Os factores que causan o metamorfismo son: aumento de presión, aumento da temperatura ou ambos factores a vez. A presenza de fluídos tamén condiciona os factores de metamorfismo.

2. Materiais:

- Exemplos de rochas metamórficas e magmáticas.
- Clave dicotómica.

3. Procedemento:

- Observa os exemplos que tes na mesa.
- Utiliza para identificar cada exemplo a clave dicotómica da ficha
- Cobre a táboa nº 1 cos datos necesarios
- Responde as cuestións.

4. Clave dicotómica:

1. Rochas cristalizadas, polo menos parcialmente.....2
1. Rochas non cristalizadas, constituída por pasta vítrea,(nunca con estrutura foliada).....13
2. Cristais dispostos en bandas delgadas e paralelas (estrutura foliada).....3
2. Cristais non dispostos en bandas delgadas.....5
3. Rocha louseña (esquistosa), que forma láminas.....4
3. Rochas con minerais dispostos en bandas claras (cuarzo e feldespatos) e bandas escuras (micas).....Gneis
4. Cristais moi pequenos, non observables a simple vista.....Lousa
4. Cristais de mica en láminas visibles.....Esquistos
5. Rocha formada enteira por cristais.....6
5. Rocha formada por cristais englobados no interior dunha pasta vítrea amorfa.....11
6. Todos os cristais son do mesmo mineral.....7
6. Cristais de diferentes minerais.....8
7. Reacciona co ácido producindo efervescencia.....Mármore
7. Non produce efervescencia, raio o vidro.....Cuarcita
8. Rocha de aspecto claro.....9
8. Rocha de aspecto escuro, sen cuarzo nin mica.....10
9. Cristais de cuarzo, asociados a feldespatos (brancos ou rosas) e mica.....Granito
9. Practicamente sen cuarzo.....Sienita
10. Predominio de minerais escuros e presenza dalgúns claros.....Diorita
10. Só minerais escuros e olivino.....Gabro
11. Pasta vítrea de cor escuro.....12
11. Pasta vítrea clara.....Riolita
12. Pasta gris escura, verdosa ou con tons vermellos.....Andesita
12. Pasta negra ou gris escura.....Basalto
13. Cor claro, moi porosa e lixeira.....Pumita
13. Cor negro, con brillos y iridescentes e con aspecto de vidro.....Obsidiana

Táboa 1:

Nome da rocha	Pasos seguidos na clave dicotómica	Observacións

Cuestións:

1. Indica as circunstancias que teñen que producirse para que unha rocha experimente procesos metamórficos.

2. Indica as principais diferenzas entre rochas plutónicas e volcánicas.

3. Cal é a razón pola cal as rochas volcánicas teñen cristais moi pequenos? Por que presentan ocos?